

Mércores, 1 de abril de 2026

Núm. 62

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****VIGO****Presupostos e cadros de persoal***APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DE CRÉDITO  
EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO**EDICTO*

O Pleno desta Corporación Municipal, en sesión ordinaria do día 30 de marzo do 2026, aprobou inicialmente a modificación orzamentaria nº 22/2026, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito correspondente ao expediente 101/142.

En aplicación do previsto nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estará a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, dirección <https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/exposicion.jsp?id=0>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención – Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Contra a devandita aprobación inicial, poderán os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004. No suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, considerarase definitivamente aprobada a Modificación Orzamentaria nº 22/2026, instrumentada no expediente 101/142.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica.

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024).

